

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á
INFORMACIÓN PÚBLICA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**ANUNCIO**APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN
PÚBLICA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.*

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de decembro de 2018, acordou aprobar inicialmente a ordenanza de transparencia e acceso á información pública na Deputación de Pontevedra.

Esta ordenanza consta de trinta artigos divididos en sete capítulos, catro disposicións e un anexo, e ten por obxecto a regulación da transparencia e o acceso á información pública na Deputación de Pontevedra, entendendo esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder da Deputación de Pontevedra e os seus organismos dependentes e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo de aprobación inicial da ordenanza de transparencia e acceso á información pública na Deputación de Pontevedra someteuse a información pública, a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 8 de data 11 de xaneiro de 2019, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 14 de xaneiro de 2019 e finalizando o día 22 de febreiro de 2019 (ambos inclusive).

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, procedeuse a elevar automaticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial da ordenanza de transparencia e acceso á información pública na Deputación de Pontevedra.

De conformidade co establecido no artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da devandita ordenanza.



“ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A transparencia na administración pública é un factor diferencial e un elemento de valor engadido que mellora a reputación e prestixio das institucións públicas, pero, por riba de todo, é unha obriga moral dos/as representantes políticos/as coa cidadanía que merece ser informado do xeito máis completo, accesible e comprensible posible sobre a xestión que os/as seus/súas representantes levan a cabo nas institucións, así como dos dereitos, obrigas e servizos que lles afectan. É a base máis sólida para a necesaria confianza que debe establecerse sempre entre representantes e representados/as.

Valores que, á súa vez, se traducen en confianza cara a esa institución e, o máis importante, en confianza no sistema político do país, afondando así na participación cidadá, na súa capacidade de decisión, na configuración dunha opinión pública mellor formada e, en definitiva, na mellora da calidade democrática.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno, supuxo un fito fundamental no noso ordenamento xurídico como unha nova forma de entender as relacións entre a Administración e os cidadáns, proporcionando medios para a rendición de contas e situando, como eixos fundamentais de toda acción política, a transparencia, o acceso á información pública e as normas de Bo Goberno.

Tal e como sinala a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) no seu Plan de Transparencia e Bo Goberno para Entidades Locais, a transparencia na xestión, a rendición de contas ante a cidadanía e a aplicación de fórmulas que combinen a democracia representativa coa participativa, xa non son unha oportunidade aberta para a mellora da gobernanza, senón unha necesidade, e mesmo unha obriga, co triplo obxectivo de recuperar a lexitimidade perdida dos/as nosos/as representantes e devolver a confianza cidadá, previr eventuais casos de corrupción ou mala xestión e reforzar a eficiencia das administracións.

As deputacións provinciais, fundamentais hoxe en día na prestación de servizos á cidadanía e na viabilidade dos concellos pequenos e medianos, teñen visto incrementada a súa importancia e reforzadas as súas competencias nos últimos tempos, o que debería levar parello un compromiso aínda maior cunha xestión de calidade e transparente. Por todo elo, e pola demanda de rexeneración democrática que duns anos a esta parte se ten asentado no centro do debate político, non é esaxerado afirmar que a transparencia, vital en calquera ámbito da administración, cobra especial importancia no caso das Deputacións Provinciais, debendo facer o máis visible posible o seu traballo, así como as prestacións e servizos que lle ofrecen á cidadanía, cultivando a relación directa con ela e sendo exemplo de honestidade e compromiso público, a fin de honrar a confianza cidadá e ser merecentes do seu respecto.

A presente ordenanza supón unha mellora do principio de transparencia, pois reforza as garantías que o rodean e favorece o seu cumprimento e é coherente co principio de eficiencia, sendo un dos seus obxectivos completar o marco normativo existente en materia de transparencia na Deputación de Pontevedra.



En definitiva, trátase dunha ordenanza que xorde do convencemento de que a transparencia e a súa consecuencia práctica, a participación, son dous principios fundamentais nos estados modernos.

A Ordenanza consta de 30 artigos divididos en VII capítulos, 4 disposicións e un ANEXO I no que se contemplan os criterios concretos a introducir como publicidade activa de información na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal.

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da transparencia e o acceso á información pública na Deputación de Pontevedra, entendendo esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder da Deputación de Pontevedra e os seus organismos dependentes e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

2. O dereito das persoas para acceder á información pública e á súa reutilización exercitarase nos termos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e Bo Goberno de Galicia e cando resulte de aplicación ao ámbito provincial, e nesta ordenanza.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. As disposicións desta ordenanza serán de aplicación á Deputación Provincial de Pontevedra e a todos os organismos dependentes desta.

2. Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou exerza potestades administrativas de titularidade provincial, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou no exercicio de potestades administrativas, deberá proporcionar á Deputación de Pontevedra a información que sexa precisa para cumprir coas obrigacións previstas na presente ordenanza.

3. Esta obriga estenderase ás persoas adxudicatarias de contratos coa Deputación de Pontevedra nos termos previstos no respectivo contrato. A estes efectos, os pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento contractual equivalente especificarán esta obriga.

4. Será igualmente esixible ás persoas beneficiarias das subvencións outorgadas pola Deputación de Pontevedra nos termos previstos nas bases reguladoras das subvencións e na resolución de concesión. A estes efectos, as bases reguladoras da concesión de subvencións, as resolucións de concesión ou os convenios que instrumenten a concesión de subvencións recollerán de forma expresa esta obriga.



Artigo 3. Obrigas de transparencia e acceso á información

1. Para o cumprimento das obrigas de transparencia e acceso á información e nos termos previstos nesta ordenanza, a Deputación de Pontevedra debe:

a) Elaborar e manter actualizada, a través da sección de Transparencia dispoñible no portal web institucional www.depo.gal, a información cuxa divulgación se considere de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, permitir a reutilización da información e facilitar o acceso á mesma.

b) Elaborar, manter actualizado e difundir un catálogo de información pública que obra no seu poder, con indicacións claras de onde pode atoparse dita información e nos formatos nos que está dispoñible.

c) Establecer e manter medios de consulta adecuados á información solicitada.

d) Adoptar as medidas de xestión da información que fagan fácil a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, interoperabilidade e calidade.

e) Publicar a información de xeito claro, estruturado e entendible para o común das persoas.

f) Publicar e difundir a información relativa ao contido do dereito de acceso á información, ao procedemento para o seu exercicio e ao órgano competente para resolver.

g) Publicar e difundir a información relativa aos termos da reutilización da información de forma clara e precisa para a cidadanía.

h) Difundir os dereitos que reconece esta ordenanza ás persoas, asesorar ás mesmas para o seu correcto exercicio e asistirlles na procura de información.

i) Facilitar a información solicitada dentro dos prazos máximos e na forma e formato elixido de acordo co establecido na presente ordenanza.

2. As obrigas contidas nesta ordenanza enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

Artigo 4. Dereitos en materia de transparencia

1. No ámbito do establecido nesta ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder á información suxeita a publicidade de acordo co establecido nesta ordenanza.

b) A ser informadas se os documentos que conteñen a información solicitada, ou dos que pode derivar dita información, obran ou non en poder da Deputación de Pontevedra.

c) A ser asistidas na súa procura de información.

d) A recibir o asesoramento adecuado, en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta ordenanza.

f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, no seu caso, nunha forma ou formato distinto ao elixido.

g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do abono, no seu caso, das taxas e prezos que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.

2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos contemplados nesta ordenanza, sen que caiba esixir para iso requisitos tales como a posesión dunha nacionalidade, cidadanía, veciñanza ou residencia determinada.

3. A Deputación de Pontevedra non será en ningún caso responsable do uso que calquera persoa realice da información pública.

Artigo 5. Obrigas en materia de transparencia

As persoas que accedan á información pública en aplicación do disposto na presente ordenanza estarán sometidas ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Exercer o seu dereito con respecto aos principios de boa fe.

b) Realizar o acceso á información de forma que non se vexa afectada a eficacia do funcionamento dos servizos públicos, concretándose o máis precisamente posible a petición.

c) Respetar as obrigas establecidas na normativa básica para a reutilización da información obtida.

d) Empregar as canles e os procedementos habilitados pola Deputación de Pontevedra para o acceso á información pública.

Artigo 6. Principios xerais

1. Publicidade da información pública: Presúmese o carácter público da información obrante na Deputación Provincial de Pontevedra.

2. Publicidade activa: A Deputación de Pontevedra publicará por iniciativa propia aquela información que sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade, así como a que poida ser de maior utilidade para a sociedade e para a economía, permitindo o control da súa actuación e o exercicio dos dereitos políticos da cidadanía.

3. Reutilización da información: A información pública poderá ser reutilizada nos termos previstos na Lei 37/2007, do 16 de novembro, e na presente ordenanza.



4. Acceso á información: A Deputación de Pontevedra garante o acceso das persoas á información pública nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na presente ordenanza.

5. Acceso inmediato e por medios electrónicos: A Deputación establecerá os medios para que o acceso á información pública se produza, preferentemente, a través de medios electrónicos, sen necesidade de previa solicitude e de forma inmediata. Tamén se procurará que a publicación e posta a disposición se realice incluíndo, ademais, formatos electrónicos reutilizables sempre que sexa posible.

6. Calidade da información: A información pública que se facilite ás persoas debe ser veraz, fidedigna e actualizada. En toda publicación e posta a disposición indícarase a unidade responsable da información e a data da última actualización. Así mesmo, os/as responsables da publicación adaptarán a información para publicar, dotándoa dunha estrutura, presentación e redacción que facilite a súa completa comprensión por calquera persoa.

7. Compromiso de servizo: A provisión de información pública deberá ser en todo momento eficaz, rápida e de calidade, debendo os/as empregados/as provinciais axudar ás persoas cando estas o soliciten e mantendo unha canle de comunicación específica entre a Deputación e os destinatarios da información.

Capítulo II: Información Pública

Artigo 7. Requisitos xerais da información

1. Enténdese por información pública todo documento ou contido a que fai referencia o artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. Son requisitos xerais da información pública regulada nesta ordenanza:

a) A publicación da información realizarase en formato electrónico da sección de Transparencia dispoñible no portal web institucional e deberá atender aos principios xerais previstos nos apartados 4 e 5 do artigo 5 da Lei 19/2013 e na presente ordenanza.

b) Cada documento ou conxunto de datos publicarase ou poñerase a disposición utilizando formatos comúns, abertos, de uso libre e gratuítos para as persoas e, adicionalmente, noutros formatos de uso xeneralizado.

c) Os vocabularios, esquemas e metadatos utilizados para describir e estruturar a información pública publicarase na páxina web da entidade para que as persoas poidan utilizalos nas súas procuras e interpretar correctamente a información.

d) Os conxuntos de datos numéricos publicarase ou poñerase a disposición de forma que non se incluírán restricións que impidan ou dificulten a explotación do seu contido.

e) A información publicada deberá indicar a data en que foi elaborada e actualizarse, atendendo ás súas características, ás posibilidades técnicas e ós medios dispoñibles, respectándose en todo caso a periodicidade que establece esta ordenanza. Detallarse a periodicidade de publicación e a data da súa última actualización.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

Artigo 8. Límites

A información pública regulada nesta ordenanza poderá ser limitada, ademais de nos supostos recollidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación ao exercicio delegado doutras competencias estatais e autonómicas, segundo preveña a norma de delegación ou, no seu caso, respecto a calquera información que a Deputación posúa e que puidese afectar a competencias propias ou exclusivas doutra administración, cuxo dereito de acceso estea igualmente limitado polas leis.

En todo caso, a información elaborárase e presentárase de tal forma que os límites referidos non sexan obstáculo para a súa publicación ou acceso.

Artigo 9. Protección de datos persoais

1. A publicidade activa e o acceso á información pública regulados polo Título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno, así como as obrigacións de publicidade activa establecidas nesta ordenanza, someteranse, cando a información conteña datos persoais, ao disposto nos artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente ordenanza.

2. Se a información pública solicitada contivese datos persoais que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas, o acceso unicamente poderase autorizar no caso de que se contase co consentimento expreso e por escrito da persoa afectada, a menos que esta fixese manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso.

3. Se a información pública solicitada inclúise datos persoais que fagan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual, inclúise datos xenéticos ou biométricos ou contivese datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non levasen a amoestación pública ao infractor, o acceso só se poderá autorizar no caso de que se conte co consentimento expreso da persoa afectada ou se aquel estivese amparado por unha norma con rango de lei.

4. A protección dos datos de carácter persoal non suporá un límite para a publicidade activa e o acceso á información pública cando o titular do dato falecese, salvo que concorran outros dereitos. Igualmente, non se aplicará este límite cando os titulares dos datos os teñan feito manifestamente públicos previamente ou sexa posible a disociación dos datos de carácter persoal sen que resulte información enganosa ou distorsionada e sen que sexa posible a identificación das persoas afectadas.

5. Considéranse datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública dos órganos da Deputación, os datos das persoas físicas que presten os seus servizos en tales órganos, consistentes unicamente no seu nome e apelidos, as funcións ou postos desempeñados, así como o seu enderezo electrónico e o teléfono profesional.



6. No caso dunha resolución denegatoria do acceso solicitado que se fundamente na protección de datos de carácter persoal, a que se refire o artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, deberá evitarse indicar na mesma aqueles datos ou circunstancias que puidesen implicar o coñecemento indirecto dos datos persoais cuxa protección motive a denegación do acceso.

Capítulo III: Publicidade activa de información

Artigo 10. Obxecto e finalidade da publicidade activa

1. A Deputación de Pontevedra publicará, a iniciativa propia e de maneira gratuíta, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e a reutilización da información. Para o cumprimento desta obriga, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a información que sexa precisa das persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan competencias administrativas, e dos contratistas, nos termos previstos no respectivo contrato.

2. Especificamente, estarán obrigadas a publicar a información contida no Anexo I, que se estrutura en 9 áreas:

- a) Institucional, organizativa e de planificación.
- b) Información en materia de persoal.
- c) Xurídica e patrimonial.
- d) Contratación, convenios e subvencións.
- e) Económica, financeira e orzamentaria.
- f) Servizos e procedementos.
- g) Mobilidade e medio ambiente.
- h) Protección de datos.
- i) Comunicación e publicidade.

3. A información indicada ten carácter de mínimo e obrigatorio, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade, ou da posibilidade de ampliar o seu contido a vontade dos suxeitos obrigados.

4. Tamén serán obxecto de publicidade activa aquela información cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, e as resolucións que deneguen ou limiten o acceso á información unha vez fosen notificadas ás persoas interesadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contivesen.



Artigo 11. Medio de publicación

1. A información publicarase na sección de Transparencia accesible a través do portal web institucional ou do enderezo directo:

<https://www.depo.gal/transparencia>.

2. A sección de Transparencia ademais de servir como punto de acceso á información garantizará, de acordo cos medios técnicos dispoñibles en cada momento, a homoxeneización da devandita información.

3. A Deputación poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras entidades.

Artigo 12. Forma de publicación

1. A Deputación identificará e dará publicidade suficiente á información relativa aos órganos competentes responsables da publicación activa regulada neste capítulo.

2. A información publicarase de maneira clara e estruturada, e fácil de entender, utilizando unha linguaxe accesible. Se pola natureza ou o contido da información, esta resultase complexa pola súa linguaxe técnica, realizarase unha versión específica e máis sinxela para a súa publicación, ademais de textos explicativos que, a modo introdutorio, poidan axudar a explicar e entender o contido e sentido da información publicada en cada apartado.

3. Incluirase o catálogo completo de información obxecto de publicidade activa, indicando o órgano ou servizo do que procede a información, a frecuencia da súa actualización, a última data de actualización, os termos da súa reutilización e, no seu caso, a información semántica necesaria para a súa interpretación.

Artigo 13. Prazos de publicación e actualización

1. Deberá proporcionarse información actualizada, atendendo ás peculiaridades propias da información de que se trate.

2. A información pública manterase publicada durante os seguintes prazos:

a) A información das áreas a), b), c), f), g), h) e i) relacionadas no artigo 10.2. mentres manteña a súa vixencia.

b) A información da área d) relacionada no artigo 10.2 mentres persistan as obrigas derivadas destes e, polo menos, dous anos despois de que estas cesen.

c) A información da área e) relacionada no artigo 10.2, durante cinco anos contados desde o momento que foi xerada.



3. A información publicada deberá ser obxecto de actualización no prazo máis breve posible e, en todo caso, respectando a frecuencia de actualización anunciada, de acordo coas características da información, as posibilidades técnicas e os medios dispoñibles.

4. En todo caso, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que no mesmo lugar en que se publica a información pública se manteña a información que deixa de ser actual.

Capítulo IV. Dereito de acceso á información pública

Sección 1ª. Réxime xurídico

Artigo 14. Titularidade do dereito

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia.

Artigo 15. Limitacións

1. O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.

2. Naqueles casos en que a aplicación dalgunha limitación non afecte a totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.

3. As limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e á súa finalidade de protección. En todo caso, deberanse interpretar de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información.

4. As limitacións ao dereito de acceso só serán aplicables durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.

Artigo 16. Obxecto da solicitude de acceso á información pública

1. Poderá ser obxecto dunha solicitude de acceso aquela información que cumpra o previsto no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. A estes efectos, considérase que unha información foi elaborada ou adquirida no exercicio das funcións dun órgano ou entidade cando sexa consecuencia do desenvolvemento das competencias que ten atribuídas.

2. O dereito de acceso á información pública entenderase sen prexuízo doutros dereitos como o dereito de petición ou doutros mecanismos de información como os servizos de atención ao cidadán, sistemas de queixas e suxestións, consultas ou peticións de información xeral sobre o funcionamento dos servizos públicos.



Sección 2ª. Procedemento

Artigo 17. Solicitude de acceso á información

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude que deberá dirixirse ao órgano administrativo da Deputación de Pontevedra que posúa a información.

2. A persoa solicitante ten dereito a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito a través das oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra.

3. A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información. Porén, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

4. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

5. Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

6. Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Artigo 18. Inadmisión

1. Inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

a) Que se refiran á información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral. Neste caso, informarase na resolución do tempo previsto para a súa conclusión.

b) Referidas á información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

c) Relativas á información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

d) Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información cando se descoñeza o competente. Neste caso, indicarse na resolución o órgano que puidera ser competente para coñecer a información solicitada.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

e) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei.

2. Na resolución de inadmisión por tratarse de información en curso de elaboración ou publicación xeral, informarse do tempo previsto para a súa conclusión.

Artigo 19. Tramitación

1. Os trámites de corrección da información solicitada, cando non fose identificada suficientemente, e de audiencia aos titulares de dereitos e intereses debidamente identificados que poidan resultar afectados suspenderán o prazo para ditar resolución, nos termos establecidos no artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. Da suspensión prevista no apartado 1 e o seu levantamento, así como da ampliación do prazo para resolver informarse o/a solicitante para que poida ter coñecemento do cómputo do prazo para ditar resolución.

Artigo 20. Resolución

1. A tramitación das solicitudes de acceso efectuarase conforme o previsto na normativa básica en materia de transparencia.

2. A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle ao xefe/a do servizo que posúa a información.

3. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

4. Transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.

5. As resolucións ditadas en materia de acceso á información pública son impugnables directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013.

Artigo 21. Notificacións

1. A resolución que se dite nos procedementos de acceso á información pública notificarase aos/ás solicitantes e aos terceiros titulares de dereitos e intereses afectados que así o solicitaron.

2. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas deberán manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

3. As notificacións electrónicas practicaranse a través de Carpeta Cidadán e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. O sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Materialización do acceso

1. O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non se poida dar o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.

2. Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, téndose concedido ese acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso- administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.

3. Se a información xa foi publicada, a resolución poderase limitar a indicarlle ao solicitante como pode acceder a ela.

4. O acceso á información será gratuito. Non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á exixencia de exaccións conforme á normativa vixente na materia.

Capítulo VI: Reclamacións e réxime sancionador

Sección 1ª. Reclamacións

Artigo 23. Reclamacións

1. As persoas que consideren que non se atopa dispoñible unha información de carácter público que debería estar publicada, de acordo co principio de publicidade activa que preside esta ordenanza, poderá cursar queixa ante o órgano ou servizo competente en materia de información pública a través do procedemento de queixas e suxestións dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Este órgano deberá realizar a comunicación correspondente nun prazo máximo de 10 días desde que se registrou a reclamación, ou no prazo determinado polos compromisos de calidade establecidos polo propio sistema de avisos, queixas e suxestións de ser este inferior.



2. Fronte a toda resolución, acto ou omisión do órgano competente en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e cos prazos e vías de reclamación, prazos de resolución e termos de notificación que devandito artigo establece.

Sección 2ª. Réxime sancionador

Artigo 24. Infraccións

1. *Considéranse infraccións moi graves:*

a) A desnaturalización do sentido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

b) A alteración moi grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

2. *Considéranse infraccións graves:*

a) A reutilización de documentación sen obter a correspondente autorización nos casos en que esta sexa requirida.

b) A reutilización da información para unha finalidade distinta para a que se concedeu.

d) A alteración grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

e) O incumprimento grave doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

3. *Considéranse infraccións leves:*

a) A falta de mención da data da última actualización da información.

b) A alteración leve do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

c) A ausencia de cita da fonte de acordo.

d) O incumprimento leve doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

Artigo 25. Sancións

1. Pola comisión das infraccións recollidas neste capítulo, imponse as seguintes sancións:

a) Sanción de multa de ata 3.000 euros pola comisión de infraccións moi graves.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

b) Sanción de multa de ata 1.500 euros pola comisión de infraccións graves.

c) Sanción de multa de ata 750 euros pola comisión de infraccións leves.

2. Pola comisión de infraccións moi graves e graves recollidas, ademais das sancións previstas nos parágrafos a) e b), poderase sancionar coa prohibición de reutilizar documentos sometidos a autorización ou modo de uso limitado durante un período de tempo entre 1 e 5 anos e coa revogación da autorización ou modo de uso limitado concedida.

3. As sancións graduaranse atendendo á natureza da información reutilizada, ao volume da devandita información, aos beneficios obtidos, ao grao de intencionalidade, aos danos e prexuízos causados, en particular aos que se refiren á protección de datos de carácter persoal, á reincidencia e a calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

Artigo 26. Réxime xurídico

1. A potestade sancionadora exercerase, en todo o non previsto na presente ordenanza, de conformidade co disposto no capítulo III do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O réxime sancionador previsto nesta ordenanza enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que puidese incorrerse, que se fará efectiva de acordo coas correspondentes normas legais.

Artigo 27. Órgano competente

Será competente para a imposición das sancións por infraccións cometidas contra as disposicións da presente ordenanza o órgano que resulte do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril.

Artigo 28. Réxime disciplinario

O incumprimento das disposicións desta ordenanza no ámbito da transparencia e o acceso á información, polo persoal ao servizo da Entidade Local será sancionado de conformidade co disposto nos artigos 9.3 e 20.6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na normativa de carácter disciplinario.

Capítulo VII: Coordinación e control interno en materia de transparencia

Artigo 29. Estrutura responsable da transparencia

1. A Presidencia da Deputación de Pontevedra, en exercicio das súas facultades de dirección do goberno e da administración provincial, determinará a estrutura ou membros que, baixo a dirección e responsabilidade da Secretaría Xeral, serán responsables de realizar cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento, implementación e execución do contido da presente ordenanza.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

2. Esta estrutura terá as seguintes funcións:

a) A coordinación en materia de información para o cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, solicitando a información necesaria dos órganos competentes do departamento, organismo ou entidade.

b) A tramitación das solicitudes de acceso á información, e, no seu caso, das reclamacións que se interpoñan de conformidade co previsto nesta ordenanza.

c) O asesoramento ás persoas para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia a aquelas na procura da información, sen prexuízo das funcións que teñan atribuídas outras unidades administrativas.

d) Crear e manter actualizado un catálogo de información pública que obre en poder da Deputación, con indicacións claras de onde pode atoparse dita información.

e) A elaboración dos informes en materia de transparencia administrativa, reutilización e dereito de acceso á información pública.

f) A difusión da información pública creando e mantendo actualizadas ligazóns con direccións electrónicas a través das cales poida accederse a ela.

g) A adopción das medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información pública e a súa posta a disposición da cidadanía, do xeito máis amplo e sistemático posible.

h) A adopción das medidas necesarias para garantir que a información pública estea dispoñible en bases de datos electrónicas e a través de redes públicas tamén electrónicas.

i) As demais que lle atribúa o ordenamento xurídico e todas as que sexan necesarias para asegurar a aplicación das disposicións desta ordenanza.

Artigo 30. Actividades de formación, sensibilización e difusión

A Deputación realizará cantas actuacións resulten necesarias para garantir a adecuada difusión e coñecemento do disposto na presente ordenanza. Para ese efecto deseñará accións de publicidade a través dos seus medios electrónicos e dos instrumentos de participación cidadá existentes no seu ámbito territorial. Así mesmo articulará accións formativas específicas destinadas ao persoal, así como de comunicación coas entidades incluídas no artigo 2.

Disposición adicional primeira. Mapas de contidos

Para os efectos da función descrita no artigo 21.2. g da Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Deputación de Pontevedra habilitará mapas de contidos para identificar e facilitar o coñecemento dos contidos e documentos que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións por parte da Deputación de Pontevedra, con independencia do sistema de xestión documental que as xere, o seu soporte, localización e nivel de acceso.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

Os mapas de contidos publicaranse na sección de Transparencia dispoñible no portal web institucional www.depo.gal e incluírán, no seu caso, os correspondentes códigos do sistema de información administrativa ao que fai referencia o artigo 9 do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, e o réxime administrativo da reutilización da información pública regulado pola Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Disposición adicional segunda. Non aumento de gasto

As medidas previstas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. Medidas de execución

No prazo de 6 meses trala entrada en vigor da presente ordenanza, levarase a cabo a adecuación das estruturas organizativas para a súa execución. Para ese efecto, a Deputación de Pontevedra iniciará o correspondente proceso de redeseño interno e de revisión do regulamento orgánico, así como cantas disposicións, circulares ou instrucións internas puidesen resultar afectadas pola norma, ditando as instrucións precisas para a súa adaptación.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXO I

PUBLICACIÓN ACTIVA DE INFORMACIÓN

a) INSTITUCIONAL, ORGANIZATIVA E DE PLANIFICACIÓN

- Estrutura orgánica e funcional.
- Competencias e funcións (propias e delegadas).
- Normativa de aplicación.
- Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas.
- Datos básicos de órganos descentralizados e entes instrumentais.
- Organigrama descritivo da estrutura organizativa.
- Planificación (instrumentos estratéxicos, plans e programas, execución de fondos comunitarios ...).
- Datos biográficos da Presidenta e das persoas deputadas.
- Declaracións anuais de bens e actividades dos cargos electos.
- Axenda institucional da Presidenta.



b) INFORMACIÓN EN MATERIA DE PERSOAL

- Relación de postos de traballo.
- Retribucións anuais dos cargos electos.
- Indemnizacións percibidas por abandono do cargo público.
- Resolucións que autoricen o exercicio de actividade privada como motivo do seu cese.
- Relación individualizada dos cargos de confianza e o importe individual das súas retribucións.
- Actividade sindical.
- Ofertas públicas de emprego.
- Convocatorias de procesos selectivos.
- Convocatorias de concursos de traslados e permutas.
- Listas de selección de persoal interino, temporal ou bolseiro.
- Contratos de alta dirección.
- Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo ou das retribucións e incentivos.
- Normativa en materia de persoal.

c) XURÍDICA E PATRIMONIAL

- Ordenanzas, regulamentos e disposicións de carácter xeral.
- Normativa en tramitación de ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter normativo incluíndo as memorias e informes contidos no expediente.
- Plans anuais normativos.
- Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas formuladas por particulares ou outros órganos na medida en que teñan efectos xurídicos.
- Documentos que deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.
- Consultas públicas previas de disposicións de carácter xeral.
- Ordes do día previas da Xunta de Goberno, Pleno e Comisións Informativas e resumo dos acordos acadados.
- Relación de bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real.
- Relación detallada de vehículos oficiais (propios ou en aluguer) adscritos á Deputación de Pontevedra.



d) CONTRATACIÓN, CONVENIOS E SUBVENCIONES

- Perfil do contratante no que se indiquen os contratos formalizados con indicación do seu obxecto, importe de licitación e de adxudicación, duración, con expresión das prórrogas, procedemento utilizado para a súa celebración, instrumentos de publicidade, número de licitadores participantes no procedemento e identidade do adxudicatario, modificacións e as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.
- Composición, forma de designación e convocatorias das mesas de contratación, actas das mesas de contratación, listado e contías das operacións cos provedores, adxudicatarios e contratistas.
- Proxectos, pregos e criterios de licitación das obras públicas, modificacións dos proxectos de obras máis importantes e listado de empresas que concorran adxudicatarias á licitación de obras públicas.
- Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.
- Relación dos convenios subscritos con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.
- Encomendas de xestión con indicación do seu obxecto, duración e obrigas económicas.
- Relación de procedementos de subvencións publicados.
- Subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxecto e persoas beneficiarias.

e) ECONÓMICA, FINANCEIRA E ORZAMENTARIA

- Orzamentos anuais da Deputación de Pontevedra, órganos descentralizados e entes instrumentais.
- Contas anuais rendidas e informes de auditoría de contas e fiscalización emitidos por parte dos órganos de control externo.
- Ratios orzamentarios.
- Informes trimestrais relativos ás medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais de pago a provedores.
- Financiamento e débeda pública consolidada e a súa evolución en comparación con exercicios anteriores.
- Custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais (Orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro).

f) SERVICIOS E PROCEDIMENTOS

- Catálogo dos servizos prestados.
- Instrumentos de apoio a municipios.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

- Cartas de servizos e outros documentos de compromisos de niveis de calidade estandarizados cos cidadáns.
- Grao de cumprimento a través de indicadores de medida e valoración.
- Catálogo dos procedementos administrativos postos a disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

g) MOBILIDADE E MEDIO AMBIENTE

- Información xeográfica de elaboración propia.
- Información ambiental.

h) PROTECCIÓN DE DATOS

- Información básica en materia de protección de datos.
- Exercicio de dereitos de protección de datos.
- Contacto coa persoa delegada de protección de datos.
- Inventario de actividades de tratamento en aplicación do artigo 31 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

i) COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE

- Acceso á sede electrónica da Deputación de Pontevedra.
- Acceso ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- Acceso aos servizos de queixas e suxestións e á Presidenta responde.
- Mapa web.
- Acceso á sección de actualidade da Deputación de Pontevedra.”

Recursos procedentes:

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, 8 de marzo de 2019.

O deputado delegado área Economía, Facenda e Réxime Interior (Delegación efectuada por R.P. nº 2016007829 de data 25-04-2016), Carlos López Font.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

